

EXAMEN TEST GALEGO

1. Segundo establece a Constitución, os españois poden elixir a súa residencia:
 - a. Con autorización xudicial previa.
 - b. Con empadramento municipal previo.
 - c. Librementemente.

2. A colaboración no control periódico do labor do persoal de administración e servizos:
 - a. É un deber específico do persoal de administración e servizos.
 - b. É opcional por parte do persoal de administración e servizos.
 - c. É opcional só se o control é do servizo ao que está adscrito.

3. De cantos membros estará composta a Comisión paritaria para a vixilancia e interpretación do convenio colectivo para o persoal laboral da USC?
 - a. De 8 membros.
 - b. De 6 membros.
 - c. De 4 membros.

4. A norma básica que regula o código de conduta dos empregados públicos é:
 - a. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro
 - b. Real Decreto Legislativo 1/2005, do 15 de outubro
 - c. Real Decreto Legislativo 5/2001, do 30 de outubro

5. Cal dos seguintes principios de conduta non vén recollido na Lei do Estatuto Básico do Empregado Público?
 - a. Rexeitarse calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal.
 - b. Observarán as normas sobre seguridade e saúde laboral.
 - c. Manterán actualizados os seus computadores e demais ferramentas de traballo.

6. Pódese pedir a un membro do PAS que se exprese en galego?
 - a. Si, conforme á normativa vixente, esa sería a lingua que tería que falar en primeiro lugar durante o exercicio do seu traballo profesional.
 - b. Só cando se realizan trámites administrativos.
 - c. Non, os membros do PAS poden decidir a lingua oficial da súa preferencia.

EXAMEN TEST GALEGO

7. A porcentaxe de representación do persoal de administración e servizos no Claustro Universitario é do:
- 4%
 - 8%
 - 10%
8. O uso non sexista da linguaxe consiste en:
- A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.
 - A eliminación de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.
 - O uso de expresións lingüisticamente correctas por outras que visibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.
9. Os dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidas no Capítulo II do Título I da Constitución Española, vinculan:
- A todos os poderes públicos.
 - Ao poder lexislativo e xudicial unicamente.
 - Aos poderes que designe o poder xudicial.
10. A unidade encargada de dinamizar as políticas de igualdade na USC é:
- Oficina de Igualdade de Xénero.
 - Unidade de Igualdade de Xénero.
 - Oficina de Igualdade de Oportunidades.
11. Quen ten as competencias para a negociación do convenio colectivo para o persoal laboral da USC?
- O Comité Intercentros.
 - A Comisión paritaria.
 - A Comisión delegada correspondente.
12. As normas relativas aos dereitos fundamentais e as liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade con:
- As normas de amnistía internacional.
 - A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - O tribunal sancionador da Haia.
13. O persoal laboral da USC rexerase:
- Unicamente polos Estatutos da USC
 - Unicamente pola lexislación laboral vixente

EXAMEN TEST GALEGO

- c. Polas disposicións autonómicas que desenvolva a Lei orgánica de universidades.
14. Indique a resposta incorrecta sobre que modalidades existen en relación coa carreira profesional dos funcionarios de carreira que vén recollida na Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Carreira Horizontal
 - Carreira Vertical.
 - Carreira Diagonal.
15. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais vixente, cal das seguintes afirmacións é correcta?
- O Comité de Seguridade e Saúde reunirase semestralmente e sempre que o solicite algunha das representacións no mesmo.
 - Constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con 50 ou máis traballadores.
 - O Comité estará formado polos delegados de Prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes en número superior ao dos delegados de Prevención, da outra.
16. O Persoal de Administración e Servizos dependerá:
- Orgánicamente da dirección do centro ao que estea adscrito.
 - Orgánicamente da Xerencia.
 - Funcionalmente da Xerencia.
17. Segundo o artigo 21 do convenio colectivo para o persoal laboral da USC, cantos tipos de concurso para a provisión de postos de traballo hai?
- Catro.
 - Tres.
 - Dous.
18. Segundo o artigo 16 da Constitución, a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto:
- Non terá limitación ningunha.
 - Non terá máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.
 - Terá a súa limitación no respecto á Lei de liberdade relixiosa e ás normas que a desenvolvan.

EXAMEN TEST GALEGO

19. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais vixente, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?
- O dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde nunca será prolongado máis aló da finalización da relación laboral.
 - As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
 - O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores, sen que poida facilitarse ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do traballador.
20. Cales son todos os sistemas de selección posibles segundo o convenio colectivo para o persoal laboral da USC?
- A oposición.
 - O concurso.
 - A oposición, o concurso ou o concurso-oposición.
21. As liñas xerais do Plan xeral de formación para o P.A.S. son aprobadas:
- Polo Claustro.
 - Polo Consello de Goberno.
 - Pola Xerencia
22. O Consello Social é:
- Órgano ordinario de goberno da USC.
 - Máximo órgano de representación da comunidade universitaria.
 - Órgano de participación da sociedade na Universidade.
23. Son competencias do Consello de Goberno:
- Aprobar as relacións de postos de traballo do persoal de administración e servizos.
 - Elaborar a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos.
 - a e b son falsas.

EXAMEN TEST GALEGO

24. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais vixente, entenderase como risco laboral grave e inminente:
- Aquel que resulte probable racionalmente, que se materialice nun futuro máis inmediato e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores.
 - Aquel que resulte probable racionalmente, que se materialice unicamente no presente e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores.
 - Aquel que resulte improbable racionalmente, que se materialice unicamente no presente e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores.
25. A clasificación en grupos e categorías profesionais do persoal laboral:
- Establécese no convenio colectivo vixente en cada momento.
 - Establécese no Estatuto básico do empregado público.
 - Establécese na Lei orgánica de universidades.
26. A elección dos membros do Consello de Goberno é competencia:
- Do Consello Social.
 - Do Claustro Universitario.
 - Do reitor.
27. Con respecto aos deberes e código de conduta recollidos na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica a resposta incorrecta:
- Exercer as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non só de condutas contrarias ao mesmo, senón tamén de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.
 - Gardar segredo sobre as materias non clasificadas e as demais de difusión non prohibidas legalmente, e manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que non coñezan por razón do seu cargo, o que implica facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.
 - Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración pública na que presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.
28. Segundo a Lei 7/2023, do 22 de marzo, as universidades públicas de Galicia garantirán o cumprimento do dereito á non discriminación por razón de xénero, tanto directa como indirecta, e farán efectiva a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:
- Na carreira docente e investigadora.
 - Principalmente no persoal laboral ao seu servizo.
 - Soamente entre o alumnado feminino.

EXAMEN TEST GALEGO

29. Pódese esixir a un alumno/a que se expresa en galego, que o faga en castelán porque non se lle entende?
- Si, para favorecer a comunicación na USC.
 - Non. O estudiantado ten dereito a utilizar a lingua oficial da súa preferencia nas actividades académicas, e ninguén pode obrigalo a que use outra.
 - Só no caso da realización de exames.
30. O principio de igualdade de trato implica:
- A prohibición de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil.
 - A eliminación de toda indiscrimination, directa ou indirecta, por razón de sexo.
 - A supresión de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, incluídas as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil.
31. Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais vixente, o número de delegados de Prevención das empresas que teñan entre 1001 e 2000 traballadores será:
- 6
 - 5
 - 7
32. Temos dereito a que nos proporcionen calquera documento ou expediente administrativo da USC en galego?
- Non, será o órgano competente da USC quen decida.
 - Si, como está recollido no artigo 4 da Lei 3/1983 de normalización lingüística e nos artigos 9 e 10 do Regulamento de usos lingüísticos da USC.
 - Só cando sexa posible facelo dentro do prazo de resposta administrativo.
33. Cal das seguintes áreas non está incluída no III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC?
- Docencia, investigación e transferencia.
 - Condicións sociosanitarias no traballo.
 - Cultura social.